



## CCOO E UGT NO DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS MAIORES

O 1 de outubro é o Día Internacional das Persoas Maiores. Debemos tomalo como unha oportunidade para poñer de relevo a importante contribución que as persoas maiores realizaron ao longo da súa vida para mellorar a sociedade en que vivimos e a forma de vida das persoas máis desfavorecidas. Ademais, debemos utilizar este día para concienciar a sociedade en xeral e as persoas maiores en particular sobre os problemas e os retos que supón o envellecemento no mundo actual.

Daquela, o Día Internacional das Persoas Maiores debe ser unha xornada de reivindicación dun colectivo formado actualmente por máis de dez millóns de persoas, da nosa participación activa na axenda política do país; unha xornada de loita polos nosos dereitos, de reivindicación e defensa do estado de benestar, perfectamente definido na Constitución pero debilitado nos últimos anos.

A Constitución española, no título preliminar, destaca no artigo primeiro o seguinte:

«1. España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.»

O estado de benestar non só é un principio constitucional no que conflúen referentes económicos, xurídicos, sociais e políticos, senón tamén o punto de referencia arredor do que se articula todo un modelo de sociedade, no que as leis da economía se someten ao estado de Dereito, para conseguir unha democracia social material.

En definitiva, o estado de benestar podemos definilo como un contrato social, comprometido entre as diversas institucións públicas que conforman o Estado e a cidadanía. Este compromiso debe garantir unha serie de dereitos sociais de cobertura universal, desenvolvidos mediante políticas e programas de carácter redistributivo e baseados na solidariedade interxeracional.

Este contrato social susténtase e adquire sentido cando se levanta sobre catro alicerces fundamentais:

- redución das desigualdades,
- loita contra a pobreza,
- seguridade económica, e
- servizos públicos.

Alicerces actualmente debilitados por políticas antisociais. Hoxe é máis necesario ca nunca reivindicar e esixir a defensa e afondamento neste contrato social. Nos últimos anos cuestionouse o noso estado de benestar, recortáronse dereitos e servizos e gravouse o noso sistema de saúde con taxas inxustas, poñendo en risco o sistema público de pensións, precarizando o mercado laboral e atentando contra o futuro dos nosos fillos e netos.

### **Redución das desigualdades:**

— Cómpre abordar a desigualdade existente na nosa sociedade. España é un dos países da UE coa maior fenda de renda entre o 10 % máis rico e o máis pobre. En 2017 (último ano con datos



para todos os países da UE), a renda obtida polo 10 % máis rico era 12,8 veces maior á conseguida polo 10 % máis pobre. Esta fenda só se superaba en Lituania e Bulgaria. A brecha en 2018 mantense en once veces para España, e supéрана Letonia, Italia, Romanía e Bulgaria.

— Máis de dez millóns de cidadáns —o 22,3 % da poboación total— teñen rendas inferiores ao limiar da pobreza.

— Débese seguir actuando para mellorar as pensións mínimas, contributivas e non contributivas.

#### **Loita contra a pobreza:**

— Case o 14 % da poboación ocupada son persoas que, malia teren un emprego, viven en risco de pobreza. Un 3,1 % sitúase, directamente, por baixo do limiar da pobreza.

— Desde o primeiro trimestre de 2012 ata o segundo de 2019, a produtividade nominal por hora aumentou un 10,2 %, mentres que os salarios por hora só medraron un 4,3 %. As empresas destinaron as melloras de produtividade á economía financeira, á compra de activos financeiros.

— O 12,8 % de pensionistas (o 8,2 % de imputar un alugamento pola vivenda en propiedade) sitúase por baixo do limiar de risco de pobreza (8871 euros anuais para un fogar cunha persoa; 10371 euros con alugamento imputado).

#### **Seguridade económica:**

— As pensións son o sustento económico das nosas persoas maiores, constitúen o groso da súa suficiencia económica e achegan o único apoio a moitas das familias do noso país. Son unha fonte de renda fundamental para case un 20 % da poboación española e un factor determinante e crecente da nosa demanda interna e, xa que logo, da evolución económica do país.

#### **Servizos públicos:**

— O sistema sanitario público é tamén un elemento central do noso Estado social. Preservalo como un dos mellores sistemas sanitarios é unha necesidade, adaptándoo ademais á crecente demanda de servizos sanitarios derivada do proceso de envellecemento da poboación española. Con todo, os recortes orzamentarios dos últimos anos, a exclusión de máis de 400 medicamentos de uso frecuente da súa cobertura e o incremento do copagamento farmacéutico diminuíron a súa capacidade. Recuperala e reforzala é unha prioridade.

Todas estas agresións obrígnanos a estar alerta e ter capacidade de acción para seguir loitando e recuperar os dereitos perdidos nos últimos anos en pensións, sanidade, dependencia, etc. Coas súas actuacións, o capitalismo xerou pobreza, marxinação e exclusión social e laboral, así que é necesaria e prioritaria a nosa achega e a nosa loita en defensa da consolidación e mellora do estado de benestar.

Temos dereitos, e un deles, consagrado na Constitución, é o contrato social do cal hoxe nos queren desposuír e ao que nós non imos renunciar. Queremos preservalo e deixárllelo como legado ás novas xeracións, por iso reivindicamos unha vez máis a necesidade de:

#### **Pensións:**

— A derogación da reforma das pensións da Lei 23/2013, do 23 de decembro, que pretende afundir na pobreza os nosos pensionistas.

— Un compromiso político que implique recuperar a centralidade do Pacto de Toledo como expresión dun consenso básico na defensa do mantemento e mellora do sistema público de



pensións. O consenso político e social, a través do diálogo social, como o vivido entre 1995 e 2011, son a mellor garantía para o noso sistema de pensións.

— Corrixir o actual desequilibrio das contas da Seguridade Social sen diminuír os dereitos dos xubilados, xubiladas e pensionistas depende, entre outras cuestións, dunha ampliación das fontes de financiamento da Seguridade Social, para incrementar os recursos do sistema e a xeneralización do principio de cotización polos ingresos reais para todas as persoas afiliadas á Seguridade Social.

— Garantir o mantemento do poder adquisitivo das pensións, recuperando, como primeira medida, a súa revalorización en función do IPC.

### **Sanidade:**

— Reforzar o financiamento público do Sistema Nacional de Saúde, revertendo a política recente de recortes. Equiparación do orzamento medio por habitante co da UE. O rigor no gasto é necesario, pero partindo de orzamentos suficientes.

— Manter e ampliar os servizos de atención primaria, especialmente nas zonas rurais ou máis despoboadas.

— Redución progresiva, ata a eliminación, da derivación a hospitais e servizos sanitarios privados, destinando os recursos á mellora da rede pública.

— Revisión completa do sistema de copagamento farmacéutico, valorando a posibilidade de cobertura completa desde o financiamento público para alcanzar a gratuidade. En calquera caso, garantirlles a gratuidade, polo menos, ás persoas con menores recursos, o que atangería a maioría da poboación pensionista.

### **Dependencia:**

— O Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia debe protexer de maneira efectiva as persoas que se atopan na devandita situación.

— España necesita un aumento do gasto público para atender as persoas dependentes, dado o envellecemento poboacional.

— Durante a crise, co Goberno do PP, os orzamentos para a atención á dependencia sufriron recortes substanciais que se manteñen hoxe. As súas políticas deterioraron gravemente o estado do benestar, incluíndo o sistema para a atención ás persoas en situación de dependencia e ás súas familias.

— Derrogar o Real decreto 20/2012 que recortou os dereitos efectivos e o financiamento da Administración Xeral do Estado ás comunidades autónomas.

— Garantir o recoñecemento e acceso ás prestacións nos prazos temporais establecidos na lei.

— Impulsar, dentro das prestacións de atención á dependencia, o carácter prioritario dos servizos fronte ás prestacións económicas, en cumprimento do artigo 14 da Lei 39/2006, así como asegurar a excepcionalidade da prestación económica para as persoas coidadoras non profesionais.

— Trasladar o coñecemento das reclamacións ante a Administración da orde xurisdiccional contencioso administrativa á xurisdición social, nos termos previstos na súa disposición final 7, da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.



— Esixir que as Administracións públicas doten de medios suficientes de inspección para supervisar a cantidade e calidade do servizo que prestan as empresas adxudicatarias dos contratos.

#### **Formación:**

— Formación integral ao longo de toda a vida. Incluír, para a poboación pensionista, formación cultural, recreativa, de envellecemento activo, saúde e benestar persoal, alimentación e coidados, así como formación tecnolóxica para facilitar o acceso ás tecnoloxías da información e comunicación.

#### **Pobreza:**

— Desenvolver unha estratexia que nos permita abordar a loita contra a pobreza e a exclusión social de forma transversal, identificando liñas concretas de actuación con obxectivos claramente diferenciados. A eliminación da pobreza enerxética é unha cuestión esencial para as persoas maiores.

#### **Dereito a unha vivenda digna:**

— Cun potente parque público de vivendas accesibles en alugamento. Facilitar a axuda ao alugamento.

#### **Morte digna:**

— Reivindicamos o dereito da persoa a unha morte digna, segundo os seus propios valores, no final da súa vida, evitando a prolongación do sufrimento e aspirando, desta forma, voluntariamente, a manifestar, mediante a redacción do oportuno testamento vital, a súa vontade e dereito a decidir por si mesma.

#### **Soidade:**

— Os alicerces en que debemos apoiarnos para paliar esta secuela social da vellez son, entre outros, a parella, os fillos, os netos e parentes en xeral. E fóra do ámbito familiar, é necesario contar cunhas redes sociais extensas e eficaces na subministración de apoio emocional e mesmo, chegado o caso, instrumental. Pensamos que as persoas maiores, necesitan sentir que forman parte da sociedade e do seu círculo máis achegado, ao tempo que necesitan de estima e recoñecemento. A nosa actuación neste ámbito debe continuar sendo especialmente reivindicativa, demandando da Administración, en todos os seus ámbitos, a adopción de medidas que combatan esta secuela que arrasa os maiores e que tanto dano lles causa.

Por todo iso SOLICITÁMOSLLES:

Que se sumen ás propostas e reivindicación das organizacións sindicais UGT e CCOO na defensa das conquistas sociais conseguidas tras anos de loita, para defender e profundar no actual estado de benestar que, por riba dos intereses do capital, garanta o mantemento do contrato social que favoreza a cohesión social e a redistribución da riqueza, e que insten o Parlamento de Galicia a adoptar unha resolución en defensa destas reivindicacións.